

“EIDOS DA IMAXE. GRAFÍAS DOS FEITOS E DO PENSAMENTO”

MORFOGRAFÍAS

Análise e creación de formas. Configuracións dinámicas do acto creativo, tanto na natureza coma na arte. Persecución e rexistro de todo tipo de fluxos, transformacións, forzas.

O sistema de barreira-lagoa de Louro, 2012

Fotografía

Grupo XM1

Departamento de Xeociencias Mariñas

Marta Pérez-Arlucea e Rita González-Villanueva

Universidade de Vigo

O estudo dos medios costeiros é de grande importancia polo seu interese xeral paisaxístico, socio-político e económico. En particular, os sistemas barreira-lagoa como o de Louro presentan un interese adicional polo seu valor ecolóxico. A maior parte destes sistemas pertencen a Áreas de Protección especial segundo as normativas dos diferentes países. O Monte e a lagoa de Louro é un espazo protexido LIC da Rede Natura 2000 e foi clasificado como Punto de Interese Xeolóxico (PIG C-116) de importancia nacional. Para a correcta xestión destes ambientes é imprescindible coñecer o seu funcionamento considerando diferentes parámetros. A lagoa de Louro sofre importantes cambios na altura da lámina de auga, que depende do estado dunha canle intermitente que atravesa a barreira (sistema praia/duna). Esta canle está controlada polo clima marítimo e condicións de tormenta. Se a canle está pechada (bo tempo) dominan as chuvias e a evaporación na altura da lagoa. Se a canle está aberta (tormentas) hai circulación libre na lagoa e a auga flutúa coas mareas. [M.P.A. e R.G.V.]

Loreto Blanco Salgueiro

Atlántico, 2014

Infografía sobre papel e metracrilato sobre dibond/videoanimación

Esta obra pertence á serie *Seres de la Naturaleza*, que se desenvolve a través de imaxes especulares que constrúen palíndromos visuais. Parto de imaxes fotográficas da natureza que posteriormente continúo elaborando a través de programas informáticos. Estas imaxes convértense en puntos de partida que establecen unha viaxe cara a dentro, aprofundando por un lado no xeito en que miramos e nos interrelacionamos coa natureza ou o ámbito natural, e por outro ofrecendo unha vía de acceso cara ao noso inconsciente, facendo aflorar aspectos ocultos do noso eu. En *Atlántico*, seres do océano preséntanse para enfrontarnos aos nosos medos e ás máscaras que creamos para non os ver. A proposta é que a través desa viaxe cara ao interior nos vaíamos liberando das emocións que supoñen unha carga. A través desta serie propoño unha nova conexión coa natureza que implica á súa vez unha nova intercomunicación coa nosa propia natureza, coa nosa esencia máis pura e primixenia, coa nosa condición humana. [L.B.S.]

“EIDOS DA IMAXE. GRAFÍAS DOS FEITOS E DO PENSAMENTO”

Fernando Casás

Sem título, 1977

Madeira comida polas térmites e graffiti sobre madeira comida polas térmites

Reciclo 24, 1978

Madeira comida polas térmites sobre madeira

Estas dúas pezas de Fernando Casás pertencen a series que están compostas, na súa maior parte, por material relado por térmites e outros insectos que, na súa busca de alimento e procreación, conforman cartografías aparentemente ilexibles e procesos de transformación da madeira a partir da orde en que o artista a pre-organizou. [A.R.S.]

Anne Heyvaert

Replis Selon Plis, 2014

Debuxo, fotolitografía, infografía, impresión dixital papel

Rexistro-desdobre / transformación-despregue:

- 1: Procédese ao rexistro debuxado (método perceptivo) do motivo "papel pregado".
- 2: Grávase a imaxe sobre unha matriz (gravado calcográfico ou litografía).
- 3: Transfírese por impresión ao seu soporte tautolóxico, o papel. O real a des-dobra.
- 4: Rexístrase a estampa obtida, esta vez por medio do escáner (transformación numérica, pixelada).
- 5: Preténdese recrear o despregamento caleidoscópico (espellos) por medio de técnicas informáticas: A imaxe fragmentada se multi-pli-ca. A imaxe inicial é transformada, as dobras despréganse ao infinito, creando figuras xeométricas moi atractivas. Segundo se xira o fragmento da imaxe o despregamento transfórmase.
- 6: As imaxes "kaleidoscopia de dobras" imprímense dixitalmente sobre papel con impresora de grande formato (plotter). Pódense producir diferentes versións, segundo os xiros.
- 7: O papel impreso prégase seguindo o rexistro debuxado (sombreado) das dobras representadas. As dobras rexistradas están fragmentadas, polo que o pregado físico vai cruzar zonas en branco, provocando novas sombras (reais) das verdadeiras dobras. Créase certa confusión entre as dobras debuxadas e as verdadeiras dobras. [A.H.]

Elena Lapeña

Serie Corintia

Allium sativum, 2012 / ***Laserpitium siler***, 2013 / ***Prosopis juliflora***, 2012

Fotografías

Corintia propón unha viaxe do revés, no que a natureza parece imitar á arte, *natura artem fingit*. Nesta liña de investigación busquei o micénico, bizantino e corintio, en pámpanos, lirios e acantos. A arte na natureza, as formas botánicas onde se observa a lei do mínimo esforzo, simplicidade, xeometría, sinxeleza e profusión de detalles, renacemento e barroco. Inflorescencias, vástezas, corolas, convértense en cilindros, conos e esferas. Os paraísos naturais transfórmanse en paraísos artificiais. Escollín aquelas plantas que non son mercadoría, as máis deostadas, as que se atopan no bordo dos camiños ou en terreos baldíos, as malas herbas, espiños, cardos; belezas proletarias insignificantes á primeira vista que, invitando á contemplación e á reflexión, aparecen na arte e na literatura. O cardo que sostén a man de Durero no seu autorretrato de 1493, ou os asfódelos que teñen a súa reminiscencia na Grecia antiga, en Homero, no canto XI da Odisea.

“EIDOS DA IMAXE. GRAFÍAS DOS FEITOS E DO PENSAMENTO”

Nestas fotografías illeí as plantas sobre fondos uniformes ou baleiros, ao xeito dos herbarios do século XVIII, desta forma as plantas transfórmanse en arquitecturas ordenadas e solitarias, liberadas da indeterminación e do caos da natureza. [E.L.]

Mónica Ortuzar

Miembro clan, 1999

Tinta chinesa azul sobre papel

Esta obra consiste en 16 cadros de 33x29,2x3 cm. O contido son outros tantos papeis iguais acuñados no sistema Braille para cegos coa canción máis popular das festas de Bilbao. A miña intervención sobre estes papeis foi arrastrar tinta de cor azul sobre a maior parte das zonas e en 16 das súas infinitas posibilidades. O resultado son superficies recubertas de tinta azul desigualmente e, sempre, deixando sobresaír os ocos de acuñado como pequenas chemineas de respiración nas que se ve a luz do papel branco do enmarcado do fondo, do mesmo ton que o papel orixinal de Braille. [M.O.]

Perejaume

Pantalla, 2007

Videoinstalación

Cortesía da Galeria Joan Prats, Barcelona

Cartografía de L'Onatge Marí, 2007

Animación dixital

Cortesía da Galeria Joan Prats, Barcelona

Nestes dous vídeos de Perejaume apréciase o interese que o artista catalán ten en relación coa natureza. Natureza entendida, ao modo do primeiro romanticismo alemán ou do propio Goethe, como un inmenso organismo vivo e fluente do que o propio home forma parte, como unha criatura capaz de visualizar e representar esas forzas e fluxos dinámicos a través dos cales o mundo se expresa e desenvolve. En *Cartografía de l'onatge marí* descubrimos a persistencia e variabilidade das ondas do mar, que conforman co seu ritmo inmemorial e as súas sucesións infinitas mutacións e sensacións, onde se sucede unha interacción de emocións e sinestesias diversas: o tumulto do aire, a forza de elevación da montaña, o desequilibrio dun cristal que se volve líquido.

Pantalla consiste na gravación dunha tea branca tendida, cuxas dobras cambian as tonalidades de brancos e grises pola forza do vento. As curvas, as liñas rectas, o estaticismo e o dinamismo, os estalos da tea que o vento azouta, remiten tanto ao vento como ao mar, tanto ao xeso coma ao tecido, ao silencio e ao ruído natural. O mundo convértese nun inmenso órgano no que o aire circula continuamente, dando voz a toda clase de ocos.

Ambas as dúas pezas condensan a poética etérea e telúrica de Perejaume, así como o seu xeito de entender o conxunto do visual como signo lexible, máis ou menos pronunciado e interpretable. [A.R.S.]

“EIDOS DA IMAXE. GRAFÍAS DOS FEITOS E DO PENSAMENTO”

Ignacio Pérez-Jofre

***Lluvia*, 2014**

Tinta sobre papel

Todo o meu traballo recente se basea na observación directa dun fragmento de realidade e a súa tradución a un medio pictórico ou de debuxo, o cal me levou de forma natural a traballar no espazo urbano. Pero cando se pinta ao aire libre, hai factores climatolóxicos que dificultan o traballo: o frío, o vento, a chuvia. Decidín hai pouco poñer ese inconveniente ao meu favor facendo como din da necesidade a virtude. Así empecei a realizar esta serie de debuxos de transeúntes e elementos urbanos feitos *in situ*, baixo a chuvia, usando tinta chinesa sobre papel, de maneira que as gotas deixan a súa pegada cando caen sobre unha zona do soporte pintada, diluíndo a tinta. A escena é así descrita dun dobre xeito: cun procedemento de carácter icónico, a través da reprodución do aspecto do visible, e cun de carácter indéxico, a través da pegada que a acción física da chuvia deixa sobre o soporte.

A información do debuxo como mímese vese ampliada pola que achega o rexistro do fenómeno meteorolóxico. É de moita importancia para o sentido da obra a interacción de ambos os dous modos de representación. As imaxes dos transeúntes con ou sen paraugas, dos bancos, os coches e os farois son transformadas polas pingas de chuvia que as desdebuxan parcialmente, deixando formas nítidas ou difusos borróns. O debuxo icónico é produto da observación, e ten un carácter descritivo, que alude á vez a esa realidade circundante e ao xeito en que é percibida polo suxeito, dando unha connotación de definición e control. As pegadas da chuvia introducen un factor de azar; as gotas caen en lugares imprevisibles do debuxo, e como autor teño que aceptar esa forma ingobernable. As condicións climáticas, ademais, xeran diversas pautas, segundo a densidade e intensidade da chuvia. Así, o resultado presenta unha tensión entre control e desorde, entre determinación e azar. Por outra banda, a obra remite a esa acción performativa, o acto estraño de debuxar baixo a chuvia, que lle deu lugar. [I.P.J.]



“EIDOS DA IMAXE. GRAFÍAS DOS FEITOS E DO PENSAMENTO”

XEOGRAFÍAS

Medicións e cambios de escala. Estudo do litoral, relevo, volumes. Expedicións xeográficas. Perspectiva.

Román Corbato

***Playa ordenada*, 2014**

Madeira e area

Unha vez satisfeitas as necesidades básicas de atopar alimentos e informacións indispensables para a propia supervivencia, o feito de camiñar convértese nunha acción simbólica que permite ao home coñecer e habitar o territorio polo que se move. Deste modo, trabállase coa idea de colección e acumulación de obxectos atopados na paisaxe. Neste caso, paus de distintas praias dos litorais galego e asturiano que rexistran a experiencia artística e estética de camiñar, de atravesar un territorio, como instrumento de coñecemento fenomenolóxico e de interpretación simbólica da paisaxe. Hai un interese por coñecer e entender esa paisaxe pola que se camiña. Este coñecemento obtense ordenando e catalogando os elementos recollidos durante as camiñadas realizadas por diferentes praias. [R.C.]

Christian García Bello

***Codo, linde, ocaso*, 2014**

Saial, madeira, granito, cristal, sal

Codo, linde, ocaso nace dunha investigación sobre a idea de paisaxe e do concepto de horizonte. Tomando a paisaxe como aquilo que sucede na mirada do individuo partindo dunha paraxe dada, a miña hipótese baséase en que existe unha relación entre a paisaxe galega, o seu relevo, o sentimento de saudade e o feito de que só atopemos un horizonte plano e limpo no mar, facendo deste algo inalcanzable. Para crear esta instalación específica, inicio a miña investigación nun lugar concreto: a estrada PO-552 no tramo que une Baiona e Camposancos. De marcada orientación Norte-Sur, camiña paralela a un horizonte que se mostra imponente e inabarcable ao oeste e é abrazada pola idea de linde en varias dimensións: o límite fronteirizo entre Galicia e Portugal, o límite entre a terra e o mar, e o límite entre o que vemos antes do horizonte e o que o horizonte nos esconde. Esta idea de linde ou de limiar —piar central deste traballo, etimolóxica e visualmente— tamén rodea a propia obra, xa que se atopa nun lugar illado, un balcón que á vez se activa cos elementos da instalación.

A zona da paisaxe na que se basea este traballo está dominada xeoloxicamente pola abundante e montañosa presenza de granito de dúas micas. Moitas das divisións parceiras do lugar toman prestadas pedras desta natureza para construír os seus muros e na propia raíz do nome da poboación de Camposancos (campos-en-cóbado) atopamos unha referencia á proximidade do relevo montañoso e do mar, representados na instalación tanto polo saial de la —material con sobradas connotacións bíblicas e tradicionais— como polos 36 gramos de sal, que apelan á concentración de sal por litro propio do océano Atlántico. *Codo, linde, ocaso* utiliza unha estratexia habitual no meu traballo: tomo da paisaxe elementos concretos e utilízoos como figuras retóricas visuais, intentando articulalas na dirección marcada pola miña investigación. [C.G.B.]

“EIDOS DA IMAXE. GRAFÍAS DOS FEITOS E DO PENSAMENTO”

Fran Herbello e Manuel Sendón

***Mil ríos. Expediciones al Verdugo*, 2013**

Fotografías, texto e intervención

Por que reducir a paisaxe dos ríos a fotografías tomadas dende a beira? A paisaxe pode ser algo máis ca unha representación visual estática. En *Mil ríos* o importante é a experiencia do río; as fotografías son parte desa experiencia, as gráficas a súa pegada, as bitácoras o blog e as exposicións a súa representación. En Vigo unha fresadora labrou sobre a parede a traxectoria-percorrido, en Cambados converteuse en imaxe-luz ao reciclar unha caixa de luz de grandes dimensións e en Ferrol deu lugar a un obxecto de resina paralelo á parede.

Durante moitos anos, o coñecemento directo proporcionado polas expedicións, as viaxes ou as excursións constituíu case o único modo de aproximarse ao territorio. Este coñecemento directo axiña deu pé á creación de crónicas escritas e mesmo guías e mapas. Pero foi na época contemporánea cando o progresivo e rápido avance da técnica provocou que esa experiencia fose substituída pola fotografía, o cinema, a televisión e ultimamente por novos medios, como internet, de modo que na actualidade pode dicirse que o noso coñecemento do territorio é fundamentalmente indirecto. Non podemos tocar nin sentir o que vemos. Mesmo cando viaxamos fisicamente a un lugar, non podemos —nin probablemente queremos— desprendérmonos da idea previa ofrecida polo cinema, a televisión ou a fotografía.

Neste proxecto pretendemos recuperar a vivencia da expedición. Decidimos percorrer os ríos, achegarnos ao descoñecido dende o que a nós nos resulta máis familiar, o mar. Subir a corrente ata onde nos sexa posible para así botarlle un pulso amigable: de ti a ti. Como non o facer no “país dos mil ríos”?

Navegamos nunha piragua amarela de tres metros e medio que nos deixa o corpo incómodo aos vinte minutos e que o adormece ás dúas horas, pero que tamén nos permite encarar a viaxe cun punto de vista moi próximo á auga, no seu mesmo plano.

Cando decidimos iniciar o proxecto só pensabamos na experiencia. Máis tarde, foi xurdindo o interese por rexistrar os percorridos e por investigar as posibilidades que se poderían derivar deses rexistros.

Empezamos por usar o GPS, un magnífico instrumento para o debuxo. Non podiamos renunciar ás posibilidades que nos ofrecen as novas tecnoloxías. Como non reparar neses trazos que recordan aos primeiros debuxos da infancia?

Cando levabamos realizadas unhas cantas navegacións, sentimos a necesidade de plasmar a insólita percepción que dende o río se ten do territorio e empezamos a fotografar.

O percorrido acaba configurando as súas representacións: as paisaxes. Esta é a nosa experiencia e a nosa visión, a que agora queremos compartir convosco. [F.H. e M.S.]

“EIDOS DA IMAXE. GRAFÍAS DOS FEITOS E DO PENSAMENTO”

Lola Marazuela e Paco Mesa

Paralelo 45°25” Norte: Mongolia, 2010

Mapa e fotografías

Paralelo 45°25” Norte é un proxecto consistente en dar a volta ao mundo sobre este paralelo terrestre —que pasa por Francia, Italia, Croacia, Serbia, Romanía, Ucraína, Rusia, Kazaxastán, Uzbekistán, China, Mongolia, Xapón, EUA e Canadá— sinalizándoo cada 100 km. ou menos cunha placa metálica.

Paralelo 45°25” Norte é:

- unha idea radical de debuxo
- unha escultura de espazo-tempo
- un método
- unha disciplina
- unha aventura
- unha misión de exploración xeográfica
- unha liña onde se xuntan Arte e Vida

En Mongolia colocamos 28 placas ao longo dunha liña de máis de 2.000 quilómetros dende a fronteira occidental con China (Xinjiang) na rexión de Khovd, cruzando a "Área natural estritamente protexida" do Gobi, as rexións de Gov-Altay, Bayankhongor, Övörkhngai, Dundgov, Dornogov e Sükhbaatar ata a fronteira oriental con Mongolia Interior (China). Grande parte deste percorrido transcorre por paisaxes desérticas onde o único camiño de orixe humana era o debuxo deixado pola nosa vella furgoneta soviética sobre a terra ou a herba. De todas as placas postas no Gobi, probablemente só quedarán as catro que cravamos en postes de luz providencialmente situados sobre o Paralelo. O resto serían trasladadas e enterradas por tormentas de area despois de servir como improvisados rascadoiros a grupos de asnos salvaxes, cabalos de Przewalski, gacelas, cabras, lobos ou camelos. Nalgunha ocasión construimos un pequeno montón de pedras en torno á placa imitando pequenos ovos (amontoamentos de pedras que forman fitos sagrados situados en cruces de camiños, preto de mananciais e nos cumes das montañas). [L.M. e P.M.]

Francisco de Sales Covelo

Bosquexos para proxecto de xardín privado en Vigo, 1965

Debuxo

Cortesía da Fundación Sales

Bosquexo para o Xardín Español da Exposición Internacional Garden and Greenery, Osaka, 1990

Debuxo

Cortesía de Olga Méndez Arias de Sales

Francisco de Sales Covelo (1931-2001), paisaxista vigués e pioneiro no que respecta ao oficio do paisaxismo en Galicia, desenvolveu ademais boa parte do seu traballo no ámbito da arquitectura ou a horticultura. Dentro da súa obra como paisaxista, na cal se constata unha maior produtividade a partir dos anos 70, atopa o deseño de numerosos parques e xardíns en Galicia (como o de Castrelos, o parque da Bouza ou o xardín Camilo José Cela en Vigo; ademais de numerosos xardíns privados, como o Pazo de Sistallo en Cospeito, Lugo).

Proxecto Baliza

O proxecto Baliza está financiado polo Ministerio de Educación, Cultura y Deporte no marco do Subprograma de Fortalecimiento CEI 2011

Universidade de Vigo Facultade de Belas Artes  



“EIDOS DA IMAXE. GRAFÍAS DOS FEITOS E DO PENSAMENTO”

Outros exemplos do seu labor áchanse en distintos puntos de España e no estranxeiro (en países como Cuba ou Xapón). Unha das súas obras máis significativas é sen dúbida o xardín botánico que serve de sede á Fundación Sales, en Vigo. No ano 1990, cando deseñou (xunto con Gabriel Spalla e Manuel Pradel) o Xardín de España na Exposición Internacional "Garden and Greenery" de Osaka, a súa creatividade foi recoñecida ao recibir a medalla de prata daquel evento. [Eva Barcala é responsable dun proxecto de investigación sobre a vida e a obra de Francisco de Sales Covelo]



“EIDOS DA IMAXE. GRAFÍAS DOS FEITOS E DO PENSAMENTO”

CRONOGRFÍAS

Medicións e rexistros no tempo, do tempo.

Esclerocronoloxía. 8 Otólitos, 2006-2012

Fotografía

Grupo de Ecoloxía Pesqueira (IIM-CSIC)

Fran Saborido Rey

Instituto de Investigacións Mariñas de Vigo

Universidade de Vigo

Mostras de otólitos. Bacallau Flemish cap 2012, lance 81 / S. Mentella Flemish Cap 2006 lance 134

Grupo de Ecoloxía Pesqueira (IIM-CSIC)

Fran Saborido Rey

Instituto de Investigacións Mariñas de Vigo

Universidade de Vigo

A esclerocronoloxía, (do grego *esclerós*, duro; *cronos*, tempo; *logos*, estudo), é o estudo das estruturas calcificadas de organismos para reconstruír a súa historia vital. Os otólitos (do grego *oto*, oído; *litos*, pedra) son concrecións calcáreas do oído interno dos vertebrados. Son usados polo organismo como indicadores de movemento, equilibrio, gravidade e aceleración.

Os peixes crecen durante toda a súa vida, e tamén os otólitos, que o fan formando aneis concéntricos de forma similar aos que se forman nos madeiros das árbores. Este crecemento característico permite aos ictiólogos usar os otólitos para determinar a idade dun peixe, contando os aneis que se xeran anualmente. Esta é unha técnica amplamente usada no estudo das pesqueiras, a dinámica poboacional, e a demografía de peixes. A interpretación dos aneis de crecemento non é sinxela, require experiencia e adestramento, e apóiase con frecuencia en análise de imaxe. [F.S.R.]

“EIDOS DA IMAXE. GRAFÍAS DOS FEITOS E DO PENSAMENTO”

Juan Loeck

***Proceso nº 9: Deshielo de cabeza clásica con testigo*, 1983**

Fotografía

***Proceso nº 52: Construcciones P/A. Construcción con vientos*, 1986**

Fotografía

***Proceso nº 100: Vánitas*, 1990**

Fotografía

Existe unha actitude recorrente nun número considerable de artistas contemporáneos, para os cales a noción de proceso é entendida como feito artístico. O importante non é a construción de obxectos estéticos, senón valorar os procesos que se levan a cabo durante a realización da obra de arte. A documentación neste tipo de obras é fundamental. A práctica inexistencia dun elemento escultórico como residuo obxectual nestes procesos creativos fai necesario que se constate que estes tiveron lugar mediante un rexistro. Este rexistro “do que pasou”, que á fin e ao cabo, é outro tipo de residuo, é no noso caso ou unha narración da experiencia ou un documento gráfico.

Os tres procesos que se expoñen pertencen a dúas etapas fundamentais da miña investigación. Os procesos 9 e 52 corresponden á etapa inicial, mentres que o proceso 100, a *Vanitas*, se realiza xa nunha etapa de certa madureza, na que se pretende unha maior complexidade de lectura, á vez que se desenvolven tecnicamente os procedementos empregados. [J.L.]



“EIDOS DA IMAXE. GRAFÍAS DOS FEITOS E DO PENSAMENTO”

ANATOMOGRAFÍAS

Medicións e rexistros do corpo.

María Castellanos Vicente

***Cuerpo-realidad*, 2013**

Instalación

Vestido de percepción transparente ao infravermello

Documentación da performance a simple vista e a través de cámara de vídeo na Sala Astragal. Xixón (Asturias)

Obra producida co Premio Astragal. Consejería de Cultura do Principado de Asturias

Cuerpo-realidad investiga sobre a percepción e as carencias sensoriais humanas; máis en concreto acerca da visión do ollo humano en contraposición ao ollo mecanizado, a cámara de vídeo. Deste modo relaciónase a percepción co feito de vestirse, unha acción básica na nosa vida cotiá. Trátase dunha obra procesual na que se crearon dous vestidos, eixe principal da acción que se leva a cabo, realizando así unha reflexión acerca do feito de vestirse-espirse, sobre as relacións que existen entre a pel e o propio vestido, e sobre o grande papel da percepción humana en todo este proceso.

Un dos vestidos realizados especificamente para este proxecto é dun material plástico transparente á luz infravermella, pero opaco ao ollo humano. Deste modo a artista aparece vestida ante os espectadores, pero se estes miran a través dos monitores onde se está a reproducir a imaxe verán que o traxe é completamente transparente. O segundo vestido leva integrados LED infravermellos que se acenden ao enganchar os corchetes das tiras que o compoñen no colar do propio traxe, que pechan o circuíto e permiten que se acendan os LED. Non obstante, ao igual que no primeiro caso, a luz do vestido só é perceptible se se visualiza a través do monitor, pois o ollo humano é incapaz de percibir a luz infravermella que os LED emiten. [M.C.V.]

[Nesta ocasión expónse só o traxe transparente ao infravermello, aínda que no vídeo da performance se poden ver os dous.]

John Coplans

***Self Portrait, Lying Figure, Holding Leg —Four panels—*, 1990**

Fotografía en branco e negro ás sales de prata

Cortesía da Colección Telefónica

As catro fotografías que compoñen a serie *Self Portrait, Lying Figure, Holding Leg —Four panels—*, ao colocarse en orde unha xunto a outra, mostran o corpo completo do artista tombado. Tan só falta a súa cabeza, o seu rostro, algo habitual nas súas fotografías, pois Coplans trata de manter certo aire impersoal nos seus autorretratos. As imaxes, vistas por separado, ofrecen anacos dun corpo que aparecen descontextualizados, coma se non pertencesen a un ser completo. Aliñadas, as catro fotografías mostran un corpo nu e fragmentado, que pertence a un home de idade madura. A condición xacente do retrato connota necesariamente a idea dun organismo vivo abocado á finitude. A xeito de *vanitas* contemporánea, estas imaxes anatómicas poñen en evidencia a nosa condición de seres mortais. [A.R.S.]

“EIDOS DA IMAXE. GRAFÍAS DOS FEITOS E DO PENSAMENTO”

Silvia García

***Rastro material*, 2014**

Documentos de arquivo e fotografía

Rastro material é literalmente o rastro que o meu avó paterno Manuel Eugenio García Piñeiro deixou en forma de caixa chea de papeis na súa casa en San Martiño, Moaña. O rastro, a pegada dunha vida nun cúmulo de papeis, rastros dos procesos burocráticos, un consello de guerra, pero tamén multitude de pequenos papeis relacionados co oficio do mar, libretañas, e contas dos víveres que se precisaban a bordo. [S.G.]

Yolanda Herranz Pascual

***Phísico Químico Psíquico*, 1994-2004**

Texto, cristal, mercurio, aluminio, tinta e papel

Tres conceptos acoutan o marco conceptual desta obra:

O *Phísico* relaciónase coa constitución e natureza corpórea. Fai referencia ao tanxible, a aquelas realidades fisicamente reais. O *Phísico* abrangue tamén o biolóxico e o psíquico. *Phísico* designa un xeito de ser. O *Phísico* é o acceso que se abre ao pensamento, á conciencia, ao sentimento, ao sentido que se dirixe á totalidade do coñecemento.

Facer real — Facer consciente — Facer coherente


Ao *Químico*, por contraposición a físico, concírnelle a composición dos corpos: estuda a estrutura, propiedades e transformacións da materia. Ao *Psíquico* pertencen as funcións e contidos psicolóxicos: a alma ou a actividade mental. O concepto psíquico acolle o inmaterial, o perceptivo, o subxectivo... o emocional, o espiritual, o moral... a conciencia, o pensamento, o sentimento...

A instalación *Phísico Psíquico Químico* configúrase nunha ringleira horizontal de once termómetros e dez enmarcados de datos. O termómetro, instrumento medidor das variacións de calor dos corpos, rastrexo das oscilacións da enerxía, funciona a xeito de metáfora dun rexistro científico imposible, que pretende obxectivarse nas anotacións transcritas. A medición do inasible foille encargado a un metal, líquido, pesado, tóxico, indisciplinado e enigmático: o mercurio, ao que se retén encerrado en recintos de cristal.

Phísico Psíquico Químico centra a súa reflexión no corpo, no noso corpo, e definímolo como un territorio de batalla, e formulámolo como unha arma precisa e enfocada cara á ampliación das visións do humano. As artistas que temos como centro de interese común o corpo, como problema e como material central do proxecto artístico, podémonos aproximar a estes aspectos dende conceptos distintos: o corpo como territorio, o corpo como modelo, o corpo como acción, o corpo como paixón, o corpo como límite, o corpo como relación, o corpo como resistencia, o corpo como proposición. [Y.H.P.]

Proxecto Baliza

O proxecto Baliza está financiado polo Ministerio de Educación, Cultura y Deporte no marco do Subprograma de Fortalecemento CEI 2011

Universidade de Vigo Facultade de Belas Artes **baliza**  CAMPUS DO MAR



“EIDOS DA IMAXE. GRAFÍAS DOS FEITOS E DO PENSAMENTO”

Juan Carlos Meana

***Natureza por morir*, 2014**

Impresión en papel fotográfico sobre dibond

Fotografías realizadas no espazo do Banco de Cerebros da Facultade de Medicina da Universidade do País Vasco. Son imaxes das instalacións de sala de autopsias e de frigoríficos onde se extrae e conserva o material humano para o seu estudo. Preséntase o espazo no que o material humano, composto por doazóns de cerebros, está a ser usado para estudos e investigacións. A pretensión non é tanto mostrar as instalacións e infraestrutura como afondar na idea de almacén de pensamentos que han de ser estudados, dado que en moitos casos se trata de cerebros de persoas que padeceron enfermidades relacionadas con procesos mentais ou que faleceron en circunstancias estrañas, como suicidios. A intención radica en mostrar o escenario onde se percorren os procesos do cerebro nun tempo investido; é dicir, unha vez que finalizou a súa actividade rastrexar o que nel quedou rexistrado e levou o seu estado no momento do falecemento. Hai nas imaxes unha idea de espera, de certo repouso latente que pretende invitar á reflexión sobre os pensamentos como material de análise e estudo por parte da medicina. Xa non se trata só do corpo como material de estudo, senón das ideas que se agochan detrás do carnal. [J.C.M.]



“EIDOS DA IMAXE. GRAFÍAS DOS FEITOS E DO PENSAMENTO”

MACROGRAFÍAS

Obtención de imaxes ou rexistros gráficos de orde maior en relación co obxecto seleccionado.

Uomo Vitruviano gravado sobre moeda, 2014

Vídeo, 1 min

Código binario gravado en Audio CD, 2014

Vídeo, 1 min

Servizo de Nanotecnoloxía e Análise de Superficies - CACTI

Carmen Serra Rodríguez

Universidade de Vigo

O *Uomo Vitruviano* é o estudo anatómico que realizou Leonardo da Vinci, buscando a proporcionalidade do corpo humano. O debuxo non só representa as proporcións que podían establecerse no corpo, tamén constitúe unha visión do home como centro do Universo, ao quedar inscrito nun círculo e un cadrado. Este debuxo gravouse na moeda de 1€ italiana, de modo que na peza podemos atopar o debuxo en forma de relevo. O perfilómetro óptico interferométrico con que se realizou a imaxe, permite reconstruír a superficie dese relevo sen contacto con esta e representalo tridimensionalmente. É unha extraordinaria ferramenta de metroloxía óptica 3D, que facilita o estudo de calquera superficie sólida. En particular é un instrumento que permite seguir e comprobar a calidade e os diferentes pasos no proceso de creación da moeda, xa que, por exemplo, permite estudar perfís complexos do relevo superficial da moeda resolvendo estruturas con tamaños da orde do Micrómetro ou mesmo sub-micrométricas. As fábricas de moeda e timbre de case todos os países adoitan recorrer a instrumentos deste tipo.

Nun CD grávanse unha serie de pequenas, case microscópicas, perforacións e zonas planas. Cada unha desas perforacións representa unha peza de información. A perforación é unha indicación de datos equivalente ao "1" no código binario e as superficies planas no CD considéranse o "0" no código binario. Estes puntos configuran unha especie de código Morse que será reinterpretado na fase de reprodución durante a conversión dixital a analóxico. Estes vense gravando nunha única espiral que comeza no interior do disco (próxima ao centro), e finaliza na parte externa. Os puntos son tan pequenos que a lonxitude de cada un é aproximadamente a metade da millónésima parte dun milímetro, demasiado pequeno para que o ollo humano ou un dispositivo mecánico poidan detectalo, pero o suficientemente grande para que un láser poida lelo. O láser le a serie de ceros e uns, e un procesador interpreta os ceros e uns para ensamblar bytes de datos que se envían ao ordenador. A imaxe 3D obtense cun perfilómetro óptico interferométrico que permite obter pixel a pixel todo o relevo do disco. Cun programa de procesamento de imaxes de perfilometría animouse a imaxe 3D, achegándose e afastándose. O perfilómetro é un instrumento que permite controlar os defectos que poden ter lugar na fabricación dos discos e é unha ferramenta que permite estudar a topografía de calquera superficie sen tocala e representala dixitalmente en 3 dimensións. [C.S.R.]

“EIDOS DA IMAXE. GRAFÍAS DOS FEITOS E DO PENSAMENTO”

Fernando Casás

***Araguaia*, 1995**

Pintura fosforescente e espuma de poliuretano, restos de madeira sobre fibra de vidro e resina de poliéster, fíos

Cortesía do artista

Araguaia forma parte dunha serie de obras en que a poética de Fernando Casás apunta a sensacións e dimensións de carácter cósmico. Por medio de materiais absolutamente cotiáns e incluso, nalgúns casos, de carácter técnico ou industrial aos que se dota, mediante o uso de luz branca, dunha hipnótica fosforescencia, o artista procede a unha transformación, de orde —diríamos— alquímico, na que o máis humilde, diminuto e terreo devén unha realidade e cósmica, telúrica e sideral. [A.R.S.]

***As condicións meteorolóxicas do Océano*, 2006**

Vídeo, 3 min

Beatriz Mouriño e Denise McGillicuddy

(Woods Hole Oceanographic Institution, EUA)

Departamento de Ecoloxía e Bioloxía Animal

Universidade de Vigo

Dende o espazo, a superficie do océano aparece como unha sucesión de elevacións e depresións, detectables malia que representan unicamente uns poucos centímetros. Estas pequenas perturbacións do nivel do mar correspóndense con remuíños, que poden cubrir varios centos de quilómetros, e que no hemisferio Norte xiran en sentido horario (anticlóns) ou anti-horario (ciclóns), en función da temperatura da auga que conteñen no seu centro. Equivalentes aos sistemas de altas e baixas presións que se observan na atmosfera, constitúen as propiedades meteorolóxicas do océano e interveñen no transporte de numerosas propiedades físicas, químicas e biolóxicas. O vídeo mostra unha intensa actividade de remuíños ciclónicos e anticiclónicos no Mar dos Sargazos (Atlántico non subtropical), que, por estar no hemisferio norte, se desprazan cara ao oeste. [B.M.]

Rubén Ramos Balsa

***Boceto de un telescopio para un microscopio para observar un círculo*, 2014**

Mobiliario e óptica

Un telescopio para un microscopio para observar un círculo (en una gota de agua) consiste nun conxunto híbrido de mobiliario de mesetas con soportes verticais de bronce suxeitando diversos elementos ópticos (lentes), que simulan a estrutura dun telescopio terrestre conectado a un microscopio monocular enfocando un punto central de observación. Nese punto localízase o bordo dunha pinga de auga encapsulada. Así, a visualización óptima do conxunto produce a mestura sensorial de diversos sistemas: o sistema de luz e o de auga (pinga) co que se proxectan reflexos. [A.R.S.]

“EIDOS DA IMAXE. GRAFÍAS DOS FEITOS E DO PENSAMENTO”

MICROGRAFÍAS

Procesos de captación de imaxes de obxectos non visibles mediante instrumentos ópticos ou electrónicos como lupas e microscopios.

Fernando García Correa

Serie “Azúcar”: c -51-AZI, 2006

Acrílico e laca plástica sobre papel

Serie “Azúcar”: c 91-AZIII, 2007

Acrílico e laca plástica sobre cartón

Sombra de Bosque (L), 2010

Tinta chinesa sobre papel

Serie “Suculentas”: número 1, 2012

Serie “Suculentas”: número 3, 2012

Serie “Suculentas”: número 4, 2012

Recorte láser 5 pregos

Cortesía do artista e Arróniz Arte Contemporáneo

As obras de Fernando García Correa móvense no eido das linguaxes xeométricas e orgánicas, que o artista problematiza dun xeito obsesivo. A repetición e a serialidade constitúen un elemento fundamental da súa práctica e, en paralelo, xéstase un ambivalente campo de acción entre a xestualidade e a abstracción. A partir dunha inicial presenza xeométrica, o afán microscópico do pintor comeza un desenvolvemento ou desvío infindo, case enlouquecedor. Ao círculo comézanne a xurdirlle ramificacións, coma un virus ou un sutil tramado que succiona a mirada. A liña muda en ondulacións e sucesións sen fin. Como un minúsculo microcosmos, un tapiz ou trama ou célula sen fondo nin respiro, García Correa ábrenos un espazo onde afloran as conexións ocultas ou latentes que se agochan detrás da máis mínima decisión plástica. [A.R.S.]

Microfósiles que explican os océanos do pasado, 2014

Fotografía

Grupo XM1

Guillermo Francés, Irene Alejo, Miguel Á. Nombela e Marta Pérez-Arlucea

Universidade de Vigo

Imaxes SEM: Alessandro Benedetti (Servizo de microscopía do CACTI)

Os microfósiles, como os foraminíferos que aparecen nas imaxes, son moi sensibles aos cambios das propiedades das masas de auga oceánicas. Dependendo da temperatura, a acidez, a profundidade, o contido en nutrientes, etc. destas augas, aparecen especies diferentes ou cambia a composición química das súas cunchas construídas por carbonato cálcico. O estudo destes organismos en sondaxes oceánicas permítenos polo tanto reconstruír de forma detallada como evolucionaron os océanos ao longo de millóns de anos. Dende como se sucederon as glaciacións e os períodos interglaciares, ata as flutuacións de curta duración (menos de 1.000 anos) poden ser detectadas mediante estas técnicas. [I.A.]

“EIDOS DA IMAXE. GRAFÍAS DOS FEITOS E DO PENSAMENTO”

***Gambierdiscus excentricus*, 2014**

Fotografía

Instituto Español de Oceanografía

Santiago Fraga

Coa colaboración de Suso Méndez e Inés Pazos

Centro Oceanográfico de Vigo

***Gambierdiscus excentricus*, 2014**

Videoanimación

Instituto Español de Oceanografía

Santiago Fraga

Coa colaboración de Suso Méndez e Inés Pazos

Centro Oceanográfico de Vigo

As especies de seres vivos diferéncianse principalmente polas súas formas, que son un reflexo das súas diferenzas xenéticas. Estas descríbense cientificamente mediante textos e mediante representacións gráficas. *Gambierdiscus excentricus* é unha microalga tóxica que vive en fondos litorais de augas cálidas sobre macroalgas, ou outros substratos, e que ten forma lenticular de 0,1 mm de diámetro. É causante da ciguatera, unha intoxicación alimentaria por peixe común en países tropicais. Por razón do seu pequeno tamaño é necesario o uso de microscopios para a súa observación. Estas microalgas están cubertas por placas de celulosa moi ornamentadas. Se se tinguen con calcofluor (unha tintura que se fixa á celulosa), cando se iluminan con luz UV emiten luz azul que se rexistra cun microscopio confocal. Mediante o microscopio confocal é posible facer cortes ópticos das células e reconstruír a súa forma en tres dimensións mediante ordenador, observalas dende diferentes ángulos dun modo virtual e mesmo facer vídeos animados. Tamén fixadas e cubertas dunha finísima capa de ouro, se poden observar co microscopio electrónico de varrido. [S.F.]

Materiais supercondutores

Fotografía

Alessandro Benedetti

Coa colaboración de Marta Gibert e Xavier Obradors

Instituto de Ciencia de Materiales de Barcelona - CSIC

Departamento de Física Aplicada – CACTI

Estas fitas de material superconductor utilízanse para transmitir electricidade sen apenas perdas, debido ás súas propiedades supercondutoras. Compóñense de varias capas. Unha das capas máis importantes é a de CeO₂ (óxido de cerio). A súa morfoloxía é fundamental, porque determina as características da capa superconductor que lle crece enriba. Móstrase (Imaxe 2) unha imaxe da súa superficie, sacada cun microscopio de varrido.

A Figura 3 é unha imaxe de alta resolución sacada cun microscopio de transmisión (TEM) dunha sección transversal da mesma capa. A través dunha operación matemática chamada “transformación de Fourier”, é posible reconstruír unha imaxe da mesma rexión onde aparecen só os planos atómicos dun só tipo, (110) neste caso. Con ulteriores manipulacións matemáticas, pódese obter unha “imaxe de fase” e unha distribución da distorsión no CeO₂. Na imaxe final, as zonas de cor negra e branca representan rexións moi distorsionadas. A zona rodeada polo círculo azul representa unha dislocación, é dicir un defecto linear do cristal. [A.B.]

“EIDOS DA IMAXE. GRAFÍAS DOS FEITOS E DO PENSAMENTO”

***Cromosomas en bivalvos*, 2014**

Fotografía

Departamento de Bioquímica, Xenética e Inmunoloxía

Concepción Pérez-García, Paloma Morán e Juan J. Pasantes

Universidade de Vigo

Xenostrobus securis é unha especie de mexillón nativa de Nova Zelandia, Australia e o Sueste de Asia que durante os últimos anos invadiu rexións costeiras de Xapón, Italia e España. A loita contra as invasións biolóxicas require un coñecemento profundo das especies invasoras, dende as características do seu ciclo vital á organización do seu material hereditario.

O estudo dos cromosomas require microscopios que leven conectadas cámaras CCD coas que se poidan tomar imaxes en diferentes lonxitudes de onda e as combinar. Para iso é necesario tinguir os cromosomas, ou rexións destes, con substancias fluorescentes que emitan en cores diferentes. Deste modo pódese localizar unha rexión concreta nos cromosomas dunha especie e comparalos cos doutras especies máis ou menos próximas. [J.J.P.]

***As areas das praias e dunas de Cíes (Parque Nacional Illas Atlánticas): unha viaxe do "Macro" ao "Micro"*, 2014**

Fotografía

Grupo XM1

Irene Alejo, Corinne Pérez-Estévez, Marta Pérez-Arlucea, Miguel Á. Nombela y Guillermo Francés

Universidade de Vigo

Imaxes lupa: Susana Costas e Irene Alejo

Imaxes SEM: Alessandro Benedetti (Servizo de microscopía do CACTI)

No arquipélago de Cíes atópase o medio sedimentario máis singular do Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia: o "sistema barreira-lagoon de Rodas". Este constitúe actualmente o vínculo de unión entre as illas de Monteagudo e de Faro. A barreira areenta está constituída polas dunas e praia de Rodas que pechan un *lagoon*, coñecido como *Lagoa dos Nenos*. O estudo da dinámica e evolución deste tipo de medios sedimentarios permite dar a coñecer a evolución da liña de costa (a unha escala de poucos anos a miles de anos), poder predicir a súa evolución futura, así como establecer as variables clave para preservar este tipo de medios naturais. Boa parte destes estudos céntranse no seguimento topográfico da praia e dunas (por exemplo antes e despois de temporais), así como na análise do material constituínte, é dicir, os grans de area que forman o sedimento, o que achega información sobre a súa procedencia e tipo de transporte sufrido. [I.A.]



“EIDOS DA IMAXE. GRAFÍAS DOS FEITOS E DO PENSAMENTO”

ESPECTROGRAFÍAS

Imaxe obtida no proceso de analizar o espectro de frecuencias característico dun movemento ondulatorio. O espectro de frecuencia caracterízase pola distribución de amplitudes para cada frecuencia dun fenómeno ondulatorio (sonoro, luminoso ou electromagnético) que sexa superposición de ondas de varias frecuencias. O espectro de frecuencias ou descomposición espectral de frecuencias pode aplicarse a calquera concepto asociado con frecuencia ou movementos ondulatorios como son as cores, as notas musicais, as ondas electromagnéticas de radio ou televisión, e mesmo a rotación regular da terra.

Ramiro Álvarez Clavero

Imaxes termográficas

Fotografía

Servizo de Teledetección – CACTI

A termografía é unha técnica que permite medir temperaturas a distancia, con exactitude e sen necesidade de contacto físico co obxecto a estudar. A cámara termográfica rexistra a intensidade da radiación na zona infravermella do espectro electromagnético e convértea nunha imaxe visible. [R.A.C.]

Arturo Moya

CUT, 2014

Instalación sonora interactiva

Deseño e desenvolvemento da interacción: Kwendenarmo

Coa colaboración de Carlos Hernández e o Colectivo Synusia <http://www.synusia.es>

Deseño e desenvolvemento do audio: Arturo Moya Villén e Álvaro Muñozledo

Voces de: Joaquín Sobrino, Eliette Calatrava, Pilar Farelo, Teresa del Cerro, Sebastián Rubio, Santiago Cortázar, Pilar Vals, Ada Martínez, Yolanda del Pino, Raquel Calatrava, Pablo López e Pilar Heras.

CUT, do compositor electrónico e artista multimedia Arturo Moya, é unha instalación audiovisual interactiva que utiliza os sons e os movementos dos asistentes para crear itinerarios sonoros.

O coñecemento comeza cun corte sobre o caos e é a partir dese trazo que o sentido advén. Fractura, ferida, disrupción, diferenza, fragilidade, son algunhas das resonancias poéticas do corte en *CUT*. A obra proponnos unha cartografía de silencios. Nos baleiros que xera o comportamento do son no espazo, coitelos suspendidos evidencian a xeometría dunha escoita arriscada. Estas imaxes da ameaza agochan un novo repregamento do corte: o do relato no que se dirime a identidade; a propia e a do "outro". O encontro con esa forma íntima da exterioridade —nunca accesible de todo— apunta en *CUT* á violencia de habitar nas fracturas, ao perigo da alteridade para a compactidade do eu, á necesidade de furar o ser para devir sentido. [Ruth Abellán]

“EIDOS DA IMAXE. GRAFÍAS DOS FEITOS E DO PENSAMENTO”

Representación de sons, 2014

Grupo de Tecnoloxías Multimedia

Centro Tecnolóxico AtlanTIC

Universidade de Vigo

LIÑA DE INVESTIGACIÓN: localización e identificación de mamíferos mariños

ORIXE DE DATOS: base de datos cedida para investigación por CEMMA

<http://www.cemma.org/principal.htm>

BREVE DESCRICIÓN:

FiestaDelfines.wav

GME1.wav

LlamadasYubarta.mp3

LIÑA DE INVESTIGACIÓN: test de calidade sonora, análise e recoñecemento de voz

ORIXE DE DATOS: Sonitum - Enxeñería acústica, Grupo de Tecnoloxías Multimedia, Centro Tecnolóxico AtlanTIC, 2013

BREVE DESCRICIÓN:

locutor_15round1.wav

LIÑA DE INVESTIGACIÓN: estudo da acústica de instrumentos musicais

ORIXE DE DATOS: Sonitum - Enxeñería acústica, Grupo de Tecnoloxías Multimedia, Centro Tecnolóxico AtlanTIC, 2008

BREVE DESCRICIÓN:

arpa_escalaz0_elev0.wav

arpa_melodia_az0_elev0.wav

gaita_melodia_az0_elev0m.wav

zanfoña_melodia_az30_elev30_song.wav

LIÑA DE INVESTIGACIÓN: ensaios acústicos de materiais de construción

ORIXE DE DATOS: Sonitum - Enxeñería acústica, Grupo de Tecnoloxías Multimedia, Centro Tecnolóxico AtlanTIC, 2009

BREVE DESCRICIÓN:

E2_Suelo1_Pos2_Mic2.wav

LIÑA DE INVESTIGACIÓN: extracción de características no son

ORIXE DE DATOS: freesound.org

<https://www.freesound.org>

BREVE DESCRICIÓN:

117121__unclesigmund__siren-short.wav

161691__felix-blume__dolphin-screaming-underwater-in-caribbean-sea-mexico.wav

184623__landub__ambulance-siren.wav